

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

RESOLUCIÓN do 6 de xullo de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle outorga destino ao persoal funcionario do corpo de médicos forenses, quenda libre, que superou as probas selectivas convocadas pola Orde PJC/1446/2024, do 10 de decembro, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co establecido nos artigos 28 e 29 do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, resolveuse adxudicarlles destinos nos órganos que se relacionan no anexo aos/ás integrantes do corpo de médicos forenses nomeados/as funcionarios/as de carreira pola Orde do 6 de xullo de 2026, tendo en conta o seguinte:

Primeiro. Os/as funcionarios/as do corpo de médicos forenses aos/ás que se lles outorga destino nesta resolución deberán tomar posesión do seu cargo no correspondente departamento territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes dentro do prazo de vinte (20) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*, de acordo co establecido no artigo 29 do citado real decreto e no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O persoal funcionario interino que actualmente ocupe prazas que lles fosen adxudicadas aos aspirantes aprobados cesará o mesmo día en que se produza a toma de posesión do titular.

Terceiro. En cumprimento da lexislación sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración pública (Lei 53/1984, do 26 de decembro), aplicable ao persoal ao servizo da Administración de xustiza en virtude do artigo 498 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, aqueles/as participantes que teñan xa a condición de funcionarios/as de carreira deberán manifestar a súa opción na acta de toma de posesión.

Cuarto. Os/as funcionarios/as do corpo de médicos forenses aos cales se lles outorga destino en virtude desta resolución non poderán participar en concurso de traslados ata que transcorran dous anos desde a data desta resolución. Para o cómputo dos dous anos observárase o establecido no parágrafo segundo do artigo 529.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

CVE-DOG: rkz8tia3-s6q2-yqg9-tw9-xi3ukoiur4t5



Quinto. As prazas ofrecidas aos aspirantes mediante a Resolución do 29 de maio de 2026 non adxudicadas nesta resolución manteñen a súa condición de desertas, sen prexuízo de que se poidan anunciar como vacantes nun concurso ordinario, se non se promulga oferta de emprego público ou no caso de que a oferta pública de emprego que corresponda non faga necesario o anuncio de todas as desertas existentes.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, segundo o establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia competente, no prazo de dous meses, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ambos os prazos contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2026

José Tronchoni Albert
Director xeral de Xustiza

ANEXO

Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Posto adxudicado	Código do posto
1	***8413**	Pérez González, Vanesa	Imelga. Subdirección Territorial de Ourense	XG9251820032001305.00
2	***0021**	Arca Insua, Lucía	Imelga. Subdirección Territorial da Coruña	XG9251820015001306.00

CVE-DOG: rkz8tia3-s6q2-yqg9-tw9-xi3ukoiur4t5

